A beleza das lecturas

Entre páxinas de ouro me perdo,
no silencio do libro, un novo mundo.
Entre liñas e letras mergúllome,
no universo dun bo libro pérdome.

Onde o tempo se agocha, e eu viaxo,
con cada fragmento me abraio.
As historias que tocan o meu corazón,
na lectura atopo a miña paixón.

Camiños de Solpor

Cando o sol baixa tras os montes,
as sombras xogan nos camiños,
os paxaros cantan, xunto ás fontes,
e a tarde morre nos seus silencios.

As árbores sopran ventos suaves,
os campos bican a luz dourada,
paseo en calma, sen máis presa,
a alma en paz e o día remata.

O álbum da infancia

Nas fotos da nosa infancia querida,

recordos de risas, xogos e calor,

cada imaxe, unha porta da vida,

neno feliz, sen medo nin dor.

No albúm, tesouros de tempos fuxidos,

unha historia de amor que sempre se lembra,

naquel mundo de contos perdidos,

doce agarimo que o tempo non se leva.

Zaida Recioy Carballeira 1ºBAC